

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de xullo de 2012

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/07/2012.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/07/2012.
- III. Calendario académico dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas, para o curso 2012-2013.
- IV. Calendario académico da titulación de Enxeñaría de Minas, para o curso 2012-2013.
- V. Planificación docente da titulación de Enxeñaría de Minas, para o curso 2012-2013.
- VI. Planificación docente dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas, para o curso 2012-2013.
- VII. Regulamento de réxime interno da Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas.
- VIII. Composición das comisións académicas dos mestrados impartidos na E.T.S.E. de Minas.
- IX. Informe do Plan de Acción Titorial.

Ábrese a sesión ás 11 horas e 38 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 25 de maio de 2012.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 25 de maio de 2012.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ O acto do XX aniversario, do que considérase que foi un éxito e que constitúe unha reafirmación do centro, ademais dunha celebración onde o protagonismo o teñen os alumnos e exalumnos da escola. A impresión foi positiva.
- ❖ Os informes de seguimento dos graos e posgraos foron desfavorables, o cal é xeralizado na Universidade de Vigo. Tras varias reunións coa vicerreitoría, estanse a analizar os informes para realizar unha resposta de forma institucional, que se enviará nas próximas semanas.

3. Aprobación, se procede, do calendario dos graos para o curso 2012-2013.

Sométese a votación a proposta de calendario, que se achega como anexo III a esta acta.

A Xunta de Escola aproba dita proposta por maioría, co seguinte resultado na votación:

Votos a favor	32
Votos en contra	0
Abstencións	4

A pedimento de Benito Vázquez Dorrío faise constar o su voto particular como abstención.

4. Aprobación, se procede, do calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas no curso 2012-2013.

Sométese a votación a proposta de calendario, que se achega como anexo IV a esta acta.

A Xunta de Escola aproba dita proposta por maioría, co seguinte resultado na votación:

Votos a favor	31
Votos en contra	0
Abstencións	5

A pedimento de Benito Vázquez Dorrío faise constar o su voto particular como abstención.

5. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de "Enxeñaría da Enerxía" para o curso académico 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía da titulación do grao de "Enxeñaría da Enerxía" publicada na correspondente plataforma da Universidade, para o curso académico 2012-2013.

Faise constar que non se ten subido á plataforma a guía docente da materia "Recursos, instalacións e centrais hidráulicas" polo que se enviará unha notificación ao departamento correspondente.

6. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” para o curso académico 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía da titulación do grao de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” publicada na correspondente plataforma da Universidade, para o curso académico 2012-2013.

Faise constar que non se ten subido á plataforma a guía docente da materia “Recursos, instalacións e centrais hidráulicas” polo que se enviará unha notificación ao departamento correspondente.

7. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmable” para o curso académico 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía da titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmable” publicada na correspondente plataforma da Universidade, para o curso académico 2012-2013.

8. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” para o curso académico 2012-2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a guía da titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” publicada na correspondente plataforma da Universidade, para o curso académico 2012-2013.

9. Aprobación, se procede, da planificación docente para o curso 2012-2013 da titulación de Enxeñaría de Minas: horarios, calendario de exames, programas das materias, tribunais extraordinarios, etc...

Sométese a votación a proposta de planificación docente para o curso 2012-2013 da titulación de Enxeñaría de Minas: horarios, calendario de exames, programas das materias e tribunais extraordinarios, que se achega como anexo V a esta acta.

A Xunta de Escola aproba dita proposta por maioría, co seguinte resultado na votación:

Votos a favor	38
Votos en contra	0
Abstencións	1

A pedimento de Benito Vázquez Dorrió faise constar o su voto particular como abstención.

Faise constar que non se teñen recibido os programas das seguintes materias:

- Do Departamento de Enxeñaría Eléctrica: "Xeración eléctrica", "Utilización da enerxía eléctrica" e "Xestión da enerxía eléctrica".
- Do Departamento de Enxeñaría Mecánica: "Centrais térmicas", "Motores hidráulicos" e "Enerxías alternativas fluidodinámicas".

A Xunta de Escola acorda enviar unha notificación aos departamentos correspondentes.

10. Aprobación, se procede, da planificación docente para o curso 2012-2013 do grao de "Enxeñaría da Enerxía" e do grao de "Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos": horarios, calendario de exames, etc...

Sométese a votación a proposta de planificación docente para o curso 2012-2013 dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas: horarios e calendario de exames; que se achega como anexo VI a esta acta.

A Xunta de Escola aproba dita proposta por maioría, co seguinte resultado na votación:

Votos a favor	37
Votos en contra	0
Abstencións	1

A pedimento de Benito Vázquez Dorrió faise constar o su voto particular como abstención.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas, que se achega a esta acta como anexo VII.

12. Aprobación, se procede, da modificación da Comisión Académica do "Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental" e do "Mestrado en Tecnoloxías aplicadas á Protección do Patrimonio cultural Inmóble".

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación da Comisión Académica do "Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental" e do "Mestrado en Tecnoloxías aplicadas á Protección do Patrimonio cultural Inmóble". A composición de ditas comisións se achegan a esta acta como anexo VIII.

13. Aprobación, se procede, do informe do Plan de Acción Titorial.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o informe do Plan de Acción Titorial para o curso 2012-2013 e se achega a esta acta como anexo IX.

14. Aprobación, se procede, da substitución dun membro na Comisión de calidade da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a substitución de D. Iván Gomez Marquez por D. David de Vicente López ambos en representación del sector de egresados.

15. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ao non terse presentada ningunha documentación pásase ao seguinte punto na orde do día.

16. Rogos e preguntas.

Pregúntase polos datos de matrícula ata o de agora. Pedro Arias indica que seguramente o grao de "Enxeñaría da enerxía" peche matrícula en xullo, pero non é seguro que pase o mesmo no caso do grao de "Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos" xa que a universidade obrigou a un número de entrada por grao de 50 alumnos. Engade ademais a problemática xurdida de que o curso comece o día 3 de setembro, que vai provocar que e os alumnos matriculados logo das probas de selectividade de setembro, incorporaranse moito máis tarde.

Jose M^a Correa alude a unha solicitude feita o 27/05/2011 relativa á apertura dunha segunda porta nas aulas para permitir a súa ventilación en épocas de calor. Pedro Arias contesta que tal pedimento, xunto con outros, foron reclamados á oficina técnica e que o están avaliando.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 9 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de xullo de dous mil doce.

V^o e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 19/07/2012

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 19/07/2012

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 19/07/2012

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alonso Prieto, Elena
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Araújo Fernández, María
6.	Bajo Palacio, Ignacio
7.	Caparrini Marín, Natalia
8.	Carrillo González, Camilo José
9.	Correa Otero, Antonio
10.	Correa Otero, José María
11.	Eguía Oller, Pablo
12.	García Bastante, Fernando
13.	González Rodríguez, Elena
14.	Lanaja del Busto, José María
15.	Liz Marzán, Eduardo
16.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
17.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
18.	Porto Arceo, Enrique
19.	Rivas Brea, Teresa
20.	Saavedra González, Ángeles
21.	Taboada Castro, Javier
22.	Vázquez Dorrió, José Benito
23.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	Fernández Rodríguez, David
6.	García Iglesias, Jaime
7.	Gómez Pérez, Gema
8.	González Bello, Marcos
9.	Juncal Rosales, Mariola
10.	López Pereira, Alejandro
11.	Puga Alonso, Javier
12.	Sanmartín Rey, Susana
13.	Veleiro Pinal, Iván
14.	Vidal Fontenla, Alejandro
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	48
Asistentes	38

Escusan a súa asistencia:

- Enrique Orche García

ANEXO III

Calendario académico dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas, para o curso 2012-2013

ANEXO IV

Calendario académico da titulación de Enxeñaría de Minas, para o curso 2012-2013

ANEXO V

Planificación docente da titulación de Enxeñaría de Minas, para o curso 2012-2013

ANEXO VI

Planificación docente dos graos impartidos na E.T.S.E. de Minas, para o curso 2012-2013

ANEXO VII

Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas

ANEXO VIII

Composición das comisións académicas dos mestrados impartidos na E.T.S.E. de Minas

ANEXO IX

Informe do Plan de Acción Titorial para o curso 2012-2013